



INFORME DE INTERVENCIÓN

Expediente de licitación: SERVICIO DE PREVENCIÓN ALLEO
Proposta de adjudicación

Datos do expediente:

- Procedemento aberto
- Tramitación ordinaria
- Múltiples criterios de valoración: subxectivos e obxetivos
-

Analise da proposta

A proposta de adjudicación formulada polo Director de Recursos Humanos o 06/11/2015, detalla o iter procedimental resultando:

- Que se lle deu a publicidade preceptiva aos pregos, convocatoria, mesas.
- Que se seguiron as fases da licitación celebrándose as mesas de contratación
- Que unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adjudicatario, previa solicitude dos informe técnicos remitiuse a proposta da mesa ao órgano competente para a contratación, que formulou proposta de clasificación das empresas presentadas e requiriu ao licitador que presentaba a oferta máis vantaxosa economicamente a documentación esixida conforme á normativa de aplicación e pregos
- Que o licitador requirido, a sazón Universal Prevención y Salud, sociedade de prevención S.L.U., presentou no prazo de 10 días hábiles a documentación requirida e constituíu a garantía definitiva do 5% do valor estimado ofertado total

Considerando que a adjudicación debe acordarse, no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida polo órgano de contratación, en resolución motivada.

Examinada a proposta de adjudicación á Mesa do Parlamento a favor de Universal Prevención y Salud, sociedade de prevención S.L.U., FISCALIZASE FAVORABLEMENTE.

A adjudicación deberá notificarse aos candidatos ou licitadores cos recursos procedentes, e publicarse nun diario oficial e no perfil do contratante do órgano de contratación sinalando o prazo en que debe formalizarse o contrato, que asimismo deberá ser obxecto de publicación

De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, deberáse comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público antes do fin do primeiro trimestre do ano seguinte, nos termos indicados no RD. 817/2009 (Anexo I, códigos CPV...)

Santiago de Compostela, a 06 de novembro de 2015

A interventora